

Espero que os guste mi relato en gallego de la FE, esa virtud teoloxal de creer en lo que no vemos porque aunque no lo veamos todo lo imaginable existe.

## FE

Cando o autobús chegou á praia, a profesora Mercedes levantouse do asento e dirixiuse rapidamente á cabeceira do coche para que os nenos escoitaran as explicacións pertinentes antes de que abandonaran o seu sitio e, para que todos os nenos a oíran ben, berrou forte:

— Cando baixemos do autobús quérovos ver a todos ó meu redor. —Os nenos, que tiñan entre cinco e seis anos, fóronse baixando do coche e poñéndose ó redor da profesora que, abrindo a bolsa de lona de cores onde levaba as súas cousas, entre elas a toalla e as gafas de sol, sacou unha lista.

— Estade atentos, quero que vos collades da man de dous en dous tal e como vos vou ir dicindo, e non vos soltedes ata que cheguemos á praia —desdobrou a súa lista na que tiña os nomes dos nenos emparellados —Escoitade, que vou dicir o nome dos que ides xuntos: Sara, ti cóllete da man de Alberte; María, ti colle á túa curmá Rita e non a soltes por nada; Rosalía, ti vas con Felipe; Brais con Alba; Héctor e Antía; Celia con Uxía; Pablo con Andrea e Andrés con Vanessa. ¡Silencio que xa acabo! Tono con Nela, e Irene, por ser a máis pequena, coa profesora Ana. Comigo virá Carme porque mo pediu ela. ¿Estades cada un co que eu nomeei e teño escrito na miña lista?

— ¡Siii! —Berraron os nenos.

— Pois collidos da man imos baixar a modiño por este carreiro, e non quero que ninguén se solte do seu compañeiro por nada do mundo ata que non cheguemos abaixo. ¿Está claro? Mentres non vos entre a area polas aberturas das sandalias facéndoos dano nos pés, ninguén se soltará. Iso quere dicir que ata que esteamos todos abaixo non nos soltaremos, daquela, separámonos e sentamos todos no chan para descalzarnos.

Aquel sábado non era precisamente o máis axeitado para facer aquela excursión xa planificada había máis dun mes, pero os programas fanse con antelación e hainos que cumprir, e se o tempo era cativo como o daquela tarde ninguén lle tiña culpa, só os nenos pagarían os pratos rotos ó non poder meter os pés na auga. O Mar non era precisamente unha balsa de aceite, a marusía non era forte, pero a auga estaba máis ondulada do desexable e parecía que as nubes tamén estaban alporizadas no ceo, xa que

non deixaban pasar os raios do sol. Así, con aquel panorama desfavorable e ós tombos, todos se puxeron detrás da profesora Ana, que collía da man á pequena Irene, formando unha fila india. Ó final ían a profesora Mercedes e Carme. Foron baixando á praia polo camiño a carón dos xuncos, empurrándose o que máis e o que menos, pero todos ollando xa cara ó Mar sen soltarse da man.

Cando pisaron a branca e fina area, a profesora Ana levantou a man e dixo:

— ¡Stop! ¡Todo o mundo a sentar no chan! Ímonos descalzar axudándonos uns ós outros.

Os nenos fóron sentando, uns de vagar, outros de súpeto e outros a empurróns. De pronto, escoitouse a Alberte berrando mentres sinalaba cun dedo o axitado Mar:

— ¡Ahhh! ¡Mirade! ¡Mirade o que hai alí no medio da auga! ¡Ahhh! —púxose en pé saltando coas mans entre as pernas coma se tivese ganas de mexar.

Levantáronse todos ó escoitar o berro de Alberte. Pablo tivo que darlle unha labazada a Andrea porque non o soltaba da man, e ela, en vinganza, mordeuno no brazo. Todos se alporizaron empurrando cada un ó que tiña diante para poder ver o que quixera que fose.

— ¡¿Que ves, Alberte?! —dixo Sara alterada.

— ¿Onde? —preguntou Andrés.

— ¡Alí, alí! ¿Non vedes? —contestou mentres sinalaba co dedo índice ó medio da ría —¡Unha sereaaa!

— ¿Que dis, ho? ¿Onde, onde? —preguntou a profesora Ana.

— ¡Eu non a vexo! —berrou Tono nervioso.

— ¿Que vedes? —preguntou Brais.

— ¡Eu só vexo un arroaz! —contestou Rosalía.

— ¿Que é un arroaz? —preguntou Nela.

— Meu pai di que é coma un delfín —explicoulle Rosalía.

— Eu non vexo nada —choricaba Vanessa.

María e Rita puxéronse a berrar e a chorar porque ningunha delas vira o arroaz, nin a serea, nin nada. Uxía tamén se puxo a chorar porque tiña ganas de ir ó baño; mentres, Felipe berraba dando voltas ó redor de si mesmo cos brazos abertos.

— ¡Todas as sereaaaas chámanse Arieel! ¡Todas as sereaaaa....! —ata que se mareou e caeu de cu na area.

A profesora Ana dixo moi seria: — Eu non sei o que vin, pero dende logo, algo na auga tamén vin —Luísa tiráballe da saia chorando.

— ¡Eu tamén a vin! ¡Eu tamén a vin! —dixo Antía poñéndose a saltar como se fose unha ra.

— Eu tamén a quero ver —dicía Alba mentres lle tiraba da saia á profesora Mercedes e metía o dedo no nariz.

Vanessa, na punta dos pés, rastrexaba o mar sen atopar a serea por ningures, e como non a vía, deixouse caer chorando afociñándose na area.

A profesora Mercedes non entendía nada do que dicían os rapaces e berrou alto e forte para poñer orde:

— ¡A calar todo o mundo! ¡As sereas non existen!

Aquilo foi peor que se viñera un can rabioso. Todos empezaron a berrar e a chorar porque moitos non viran a serea. Alba sacou a lingua á profesora Mercedes e chamoulle mentireira, porque ela, aínda que non vira, confiaba en Alberte. Pablo deulle unha patada a Andrea porque pola súa culpa non puidera ver nada, ela contestou tirándolle unha manchea de area á cara e el deulle outra patada máis forte ca anterior. María, a quen no lle dera tempo a desamalloar os tenis da súa curmá, púxose a choricar porque tampouco puidera ollar cara ó Mar. Rosalía, que vira un arroaz, dixo moi seria que non era certo que Alberte vira unha serea e Nela tiroulle da coleta do pelo:

— ¿Ti es parva ou que? ¡Non vas ver mellor ti que Alberte que ten lentes!

Rosalía sacoulle a lingua e empurrouna ata que a tirou ó chan e, non contenta con iso, pisouna por chamarlle mentireira. Irene axudouna a pisala porque ela tampouco vira nada.

Tono dixo un palabrón: —¡Merda de can! Eu non a vin.

— ¡Tono! ¡Ti es un pecadento do inferno! ¡Pecadento! ¡pecadento, pecadento!, dise caca, non merda de can —contestou Celia.

Héctor non entendía nada, así que foi cara a auga, sacou o pito e púxose a mexar mentres na praia se formaba un *guirigay*. Alba tiráballe da bolsa á profesora Mercedes para que a escoitara, ela víraa, pero a profesora xa tiña dabondo con ter que temperar como fose aquela desfeita.

— ¡Está ben! ¡Que ergan as mans os que viron a serea! —berrou malhumorada mentres Luísa lle tiraba da camiseta sinalando os mocos que lle chegaban á boca.

Levantaron as mans uns tres nenos. María colleu da man á súa curmá Rita e choraban as dúas porque non sabían cara a onde tiñan que ollar para ver a serea, e todo por culpa duns que dicían que estaba alí, e outros, que estaba acolá. Elas, con tanta auga, non conseguiron ver nada por ningures. Pablo, arrubiado coa súa pelexa particular

con Andrea; e Alberte, dálle que dálle que vira a serea, alborotaba cada vez máis o galiñeiro.

— ¡Alberte, cálate xa dunha maldita vez e senta!

¿Que ía facer con aquela caterva de nenos a chorar e berrar? De súpeto, como profesora que era, iluminóuselle o maxín e atopou unha solución. Berrou alto e forte para que todos oíran a súa verdade:

— Agora que recordo, as sereas só existen nos mares do sur e nos mares do Peloponeso. E tamén nas illas Xónicas. ¡Si, si! Estou ben segura, só alí viven as sereas —todos calaron menos Alberte, que se tirou no chan furioso dicindo:

— ¡Merda! ¡Eu vin unha serea louira de cabelos longos!

— ¡Pecadeeento, mentireeiro! —berraba Rita.

— Escóitame, Alberte —dixo a profesora Mercedes sentando ó seu lado —o luns, na clase, contareivos a todos a historia do que lle querían facer as sereas a Odiseo, un heroe grego moi antigo que ía no seu barco xusto polos mares onde habitan. As sereas cantaban para confundir os mariñeiros e que se perderan no Mar para sempre con elas. E non chores, porque eu estou ben segura que aquí, na ría de Muros e de Noia, non pode haber sereas. ¡Non señor! Estou ben segura que dende esta praia de Portosín non se pode ver sereas, e tesme que crer porque eu non digo mentiras.

— ¡Eu tampouco! Eu vira igual que ese heroe grego.

— Creo que o que che pasa a ti agora e que estás un pouco confundido.

A profesora Ana, avergoñada, dixo:

— Eu non sei o que vin, pero algo vin —tapou a boca rapidamente pola parvada que estaba a dicir.

A profesora Mercedes ergueuse e botoulle unha ollada asasina:

— Non digas burradas e fai o favor de afastar a Pablo de Andrea, que xa lle leva dadas tres patadas ¿Ti estas tola ou que? —díxolle moi baixiño á súa compañeira para que non a oíran os nenos — Ou es boba do cu, ou estás tola de remate ¿Como podes dicir semellante parvada? Deixáchesme quedar mal dicindo esa idiotéz de que viches algo.

Alberte seguía a chorar e a profesora Ana sentouse ó seu carón para tentar tranquilizalo. El lle dicía desconsolado:

— Profesora Ana, eu vira de verdade. Ó mellor veu nadando dende o “Poneso” ese, porque miña nai tamén sabe nadar moi ben e o meu pai, un día que estabamos na praia, díxolle “nadas tan ben coma unha serea”.

— ¡Xa o sei! Escóitame Alberte, ben sei que a viches, pero non chores, porque se a profesora Mercedes di que non a viu ¿que lle imos facer nós?

— ¿Ti víchela? —preguntou Alberte.

— ¡Vin, ho!, pero este ten que ser un segredo entre nós os dous, porque como non a viron todos... Será mellor calar o conto porque non deixan de alporizarse, e xa ves como está de arrubiada a profesora Mercedes.

E para que todo fose moito peor, polo horizonte levantouse un vento que traía as nubes enrabechadas e ás carreiras ata onde estaban eles. A profesora Mercedes sentenciou:

— Ninguén mollará os pés na auga porque está moi fría e non quero ter problemas. Isto é unha orde para todos. ¡Que tolería vir hoxe de excursión! —pensou. —Así que todos outra vez ó chan.

Como aínda era cedo para merendar, a profesora Ana propuxo xogar a ver as figuras que formaban as nubes; para iso, todos se tombaron na area.

— ¿Vedes esa nube escura e gorda que ven cara a aquí? ¿Sabe alguén como se chama? —Ninguén contestou á profesora Ana — Non ¿verdade? Pois as nubes teñen nome coma as persoas; esa chámase Cúmulo. Hai nubes que están moi altas, outras baixas, medias e en horizontal. As que están moi altas e parecen unha pluma chámanse Cirros, despois están os Estratos e os Nimbos, pero hai moitísimas máis, porque cando se mesturan as formas, pódense chamar estrato-cúmulos, cúmulo-nimbos... e así ata máis de cen. ¿E sabedes de que están cheas?

— ¡Si! —dixo Sara erguéndose con ímpeto e, despois de facer un pinchacarneiro, quedou estomballada na area — Están cheas de auga.

— Moi ben, pero non volvas facer iso porque te podes mancar ¿Sabedes de que máis están cheas as nubes?

Ninguén contestou porque non o sabían; ademais, non era algo que lles interesase demasiado; todos preferían ver unha serea, as nubes víanas todos os días.

— Pois están cheas de cristaliños pequeniños, microscópicos ¡Mirade aquela nube escura! ¡Parece unha cabeza de cabalo! ¡E aquela outra ten cara de vello con barba e a boca aberta!.

A profesora Mercedes ergueuse de súpeto sen falar con ninguén; algo albiscara. Xa non puxo máis atención ás explicacións que Ana daba para entreter ós nenos. Mercedes non escoitaba ningunha cousa, aparte dos latexos do seu corazón, cando viu que algo xurdía da auga para volver outra vez a somerxerse sen que ela puidera precisar

o que era. Podía ser un arroaz, pero como ela nunca vira un arroaz... Volveu a sentar gardando os lentes do sol na bolsa mentres seguía ollando moi atenta cara o Mar. O máis seguro era que, por ter as lentes postas sen necesidade, xa que o sol non brillaba por ningures, ela vira un espellismo influenciada polos rapaces:

— Seguro, seguro, que era un arroaz —pensaba.

Cando se tranquilizou, os nenos estaban a bater as pernas e os brazos para facer unha figura de anxo na area. Todos berraban menos Alberte, que parecía moi desgustado.

— Imos merendar, que xa son horas —dixo a profesora Mercedes, pero Alberte non quería, e a mestra, sentando á súa beira sen saber moi ben o que lle ía dicir, faloulle:

— Escóitame Alberte, teño que dicirche que estou desgustada comigo mesma porque che dixen ó principio que as sereas non existen, pero non é certo, existen de seguro, segurísimo, e hai moitas razóns para crer nelas o mesmo que noutras moitas cousas que non se ven pero existen. Vouche facer unha pregunta ¿Ti cres nos Reis Magos?

— ¡Home, profesora!, ¡non vou crer neles! Este ano trouxéronme unha bicicleta de montaña.

— Moi ben, xa mo imaxinaba.

Entón, á profesora Mercedes iluminóuselle de novo o maxín e púxose en pé para que todos a viran ben. Dixo moi chea de razón:

— Escoitádeme todos con moita atención. O que viu Alberte tamén o viu algún de vós, e polo motivo que sexa, non o vimos todos, pero as sereas, os Reis Magos, o Rato Pérez, as meigas, os trasnos e as fadas, existen. Só hai que ter un pouco de sorte para poder velos, pero se nunca os chegamos ver non temos que deixar de crer neles; existen aínda que só os vexan uns poucos privilexiados .

O domingo pola mañá a profesora Mercedes quedou para almorzar cun amigo na cafetería do porto tal e como facía todas as fins de semana. Mentres esperaba a que el chegara, botoulle unha ollada ó xornal. Os ollos tropezaron cunha noticia escrita en letra moi grande na primeira plana, algo que lle fixo recapacitar e, con moito pesar, foi consciente de que nunca vira unha serea loura, un arroaz, o Rato Pérez, unha fada, un trasno, nin ós Reis Melchor, Gaspar e Baltasar ¡Muller de pouca fe!

— Alberte, canta razón tiñas, téñoche que pedir perdón e agora levareivos a todos de excursión faga sol ou caian chuzos de punta para que vexades de cerca á serea.

Aparece un mascarón de proa na Ría de Muros. Os entendidos aseguran que é dun barco viquingo somerxido, probablemente, hai séculos. Sen embargo, o Profesor Do Val, da Escola Naval da Coruña, asegura que é un mascarón de proa do escultor estadounidense William Rush, de mediados do século XVIII. Como non se poñen de acordo, os estudantes da Escola naval de Marín decidiron investigar pola súa conta para saber de onde procede. O mascarón representa unha figura clásica de serea con longos cabelos louros. Atópase en bo estado de conservación e será exposto ó público na Casa do Mar de Muros ata que o trasladen ó Museo de...”.